



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MATERIA:

**CIENCIAS SOCIAIS**

CURSO:

**6º EP**

ANO ACADÉMICO:

**2020/21**

## ÍNDICE

1.	CONTEXTO.....	3
	• CENTRO.....	3
	• ALUMNADO.....	4
	• OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO....	4
2.	SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.....	5
2.1.	PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.....	5
2.2.	SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.....	6
	• 1ª avaliación.....	6
	• 2ª avaliación.....	8
	• 3ª avaliación.....	9
3.	METODOLOXÍA PRESENCIAL.....	9
	• Aspectos xerais.....	9
	• Estratexias metodolóxicas.....	10
	• Exemplo de secuenciación de traballo na aula.....	10
	• Outras decisións metodolóxicas.....	11
	• Agrupamentos.....	11
	• Tempos.....	11
	• Espazos.....	11
4.	METODOLOXÍA NON PRESENCIAL.....	12
4.1.	Plataforma de ensino.....	12
4.2.	Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia.....	12
4.3.	Plataforma/medio de comunicación coas familias.....	12
4.4.	Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade.....	12
4.5.	Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade.....	12
5.	AVALIACIÓN.....	13
5.1.	AVALIACIÓN INICIAL.....	13
5.2.	AVALIACIÓN CONTINUA.....	14
	• Criterios de avaliación.....	15
	• Instrumentos de avaliación.....	29
6.	CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	29
7.	AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	34
7.1.	INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO.....	34
7.2.	INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE.....	35
8.	AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	35
	• Periodicidade coa que se revisará.....	35
	• Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.....	35
	• Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.....	35
	• Indicadores.....	36
9.	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	37
9.1.	MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS.....	37
10.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	38
11.	CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	38
	• Proposta mención honorífica.....	39

## 1.CONTEXTO

- **CENTRO:**

**Situación:**

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria HumbertoJuanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez Nº 2, CP 36350.

Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 acollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiáns.

**Centro adscrito:**

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP HumbertoJuanes.

**Ensinanzas que oferta:**

O CEIP Humberto Juanes oferta 2º ciclo de educación infantil e Educación Primaria.

O alumnado pode escoller entre Relixión Católica ou valores sociais e cívicos. O único idioma que ofertamos como lingua estranxeira é o inglés.

**Características singulares:****Programas nos que participamos:**

- E-dixgal
- Aula virtual
- Aprender a cooperar, cooperar para aprender
- Seccións bilingües en plática en inglés en 1º, 2º, 5º e 6º
- Tutoría entre iguais
- Contratos programa
- PLAMBE

- **ALUMNADO**

**Poboación inmigrante:**

No último ano recibimos varias matrículas procedentes de Sudamérica sobre todo de Venezuela, URUGUAY e Brasil. No caso de 6º de primaria, temos alumnado de Vietnam, Uruguay, Cabo Verde, unha alumna procedente da comarca do Salnés que se incorporou a comezos do curso pasado e un alumno que procede de Madrid e se incorporou neste curso. En total son 44 alumnos matriculados en sexto nivel.

**Alumnado con NEAE no curso actual:**

O ACNEAE do nivel destacan sobre todo problemas de aprendizaxe (8 casos), TDAH (4 casos) e problemas de conducta (1 caso).

O alumnado é atendido, tanto dentro como fóra da aula de referencia, pola especialista de PT. Grazas a este apoio en cada titoría pódese dar unha maior resposta educativa a todo o alumnado diagnosticado .

**Outras características:**

- **OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO**

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## **2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN**

### **2.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.**

Os estándares imprescindibles non traballados/acadados no curso 19/20 son:

→ Bloque 3. Vivir en sociedade:

- CSB3.1.1. Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español.
- CSB3.2.1. Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización.
- CSB3.2.2. Identifica e comprende a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles.
- CSB3.4.1. Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.

Ademais, quedaron sen traballar/acadar os estándares non imprescindibles do Bloque 4: As pegadas do tempo.

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta

de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

## 2.2 SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

### 1ª AVALIACIÓN

O bloque 1. Contidos comúns traballarase de xeito continuado ao longo de todo o curso. Abrangue os seguintes contidos:

- B1.1. Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das fases do mesmo e a súa aplicación nas Ciencias sociais.
- B1.2. Recollida de información do tema a tratar, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).
- B1.3. Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e presentar conclusións.
- B1.4. Desenvolvemento de estratexias para organizar, assimilar e recuperar a información obtida mediante diferentes métodos e fontes.
- B1.5. Técnicas de traballo intelectual.
- B1.6. Estratexias para desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo. Elaboración dun glosario colectivo.
- B1.7. Uso e utilización correcto de diversos materiais cos que se traballa.
- B1.8. Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficos.
- B1.9. Fomento de Técnicas de animación á lectura de textos de divulgación das Ciencias sociais (de carácter social, xeográfico e histórico). A prensa escrita e dixital como fonte de información.
- B1.10. Utilización de técnicas para potenciar a cohesión do grupo e o traballo cooperativo.
- B1.11. Estratexias para a resolución de conflitos, utilización das normas de convivencia e valoración da convivencia pacífica e tolerante.
- B1.12. Participación activa e construtiva na vida social.
- B1.13. A cooperación e o diálogo como valores democráticos fundamentais.
- B1.14. Iniciativa emprendedora. Actividades de experimentación.
- B1.15. Planificación e xestión de proxectos co fin de acadar obxectivos.

# 1ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS  BLOQUE *1,3 e 4	Material de referencia	Temporalización	
			Mes	Número de sesións
			9 ao 12	
Historia de España	<p><u>5ºEP</u></p> <p>B4.2.As fontes históricas e a súa clasificación: fontes primarias e secundarias.            B4.1.O tempo histórico. A Idade Media e a Idade Moderna: duración e datación dos feitos históricos significativos que as acoutan.            B4.3.Técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado: os mapas históricos e as liñas do tempo.            B4.4.A península ibérica na Idade Media.            B4.5.Al-Andalus e os reinos cristianos.            B4.6.O Camiño de Santiago.            B4.7.España e Galicia na Idade Moderna.            B4.8.A época dos grandes descubrimentos.            B4.9.A monarquía dos Austrias e os Borbóns.</p> <p><u>6ºEP</u></p> <p>B4.1.As idades da historia: duración e datación dos feitos históricos significativos que as acoutan.            B4.2.As fontes históricas e a súa clasificación. Realización dun traballo expositivo seleccionando e clasificando distintas fontes (artísticas, literarias, gráficas, estadísticas, cartográficas, orais, etc.)            B4.3.O tempo histórico e a súa medida.            B4.4.Técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado: os mapas históricos e as liñas do tempo. Realización dunha liña do tempo que recolla os acontecementos históricos máis relevantes que marcan as idades da historia.            B4.5.As transformacións económicas, políticas, sociais e culturais do século XIX.            B4.6.España na Idade Contemporánea I: o século XIX.            B4.7.As transformacións económicas, políticas, sociais e culturais do século XX.            B4.8.España na Idade Contemporánea II: o século XX. Mulleres e homes relevantes na historia de España e Galicia.            B4.9.España na Unión Europea.            B4.10.O Mundo Actual. Realización de arquivos sobre temas de actualidade.            B4.11.Noso patrimonio histórico e cultural.            B4.12.Patrimonio da Humanidade. Elaboración dunha guía sobre os sitios e lugares Patrimonio da Humanidade.            B4.13.Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo.</p>	Netex	Aproximadamente 4-5 semanas para cada unidade traballada (8-10 sesións).	

Organización política de Europa	B3.1.A Unión Europea. B3.2.A organización económica, social, política e territorial da Unión Europea.		
---------------------------------	--	--	--

## 2ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS  BLOQUE *1, 2 e 3	Material de referencia	Temporalización	
			Mes	Número de sesións
			1 ao 3	
Relevo, ríos e costas de Europa	B2.1.Cartografía. Planos, mapas e planisferios. B2.2.Tipos de mapas: físicos, políticos e temáticos. B2.3. Escalas e signos convencionais dun mapa. B2.4.Técnicas de orientación no espazo. Elaboración dun itinerario de viaxe coa axuda de ferramentas dixitais. B2.8.A diversidade xeográfica das paisaxes de Europa: relevo, climas e hidrografía. B2.9. Utilización e consulta en sistemas de información xeográfica.	Netex	Aproximadamente 4-5 semanas para cada unidade traballada (8-10 sesións).	
Poboación	<p><u>5ºEP</u></p> <p>B3.1.A Constitución de 1978. B3.2.Dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás. B3.3.Forma de goberno: a monarquía parlamentaria. B3.4.As principais institucións políticas e as súas funcións. Elaboración de organigramas. B3.7.Demografía e poboación. Variables demográficas. B3.8.Conceptos demográficos: poboación absoluta, densidade de poboación, distribución espacial, crecemento natural e crecemento real da poboación.</p> <p><u>6ºEP</u></p> <p>B3.3.Demografía e poboación. Variables demográficas. B3.4.Conceptos demográficos: poboación absoluta, densidade de poboación distribución espacial, crecemento natural e crecemento real da poboación. B3.5.Representación gráfica de datos demográficos: as pirámides de poboación. B3.6 Poboación de Europa: distribución e evolución. B3.7.Os movementos migratorios: éxodo rural, a emigración a Europa, a chegada de emigrantes ao noso país, problemas actuais da poboación. Estudo dos movementos migratorios da familia.</p>			



Vida económica	B3.8.As actividades económicas e os sectores produtivos de España e Europa. B3.9.A produción de bens e servizos. B3.10.O consumo e a publicidade. Debates sobre a influencia da publicidade nas nosas prácticas diarias. B3.11.Educación financeira. O diñeiro. O aforro. Elaboración dun presuposto persoal. B3.12.Empregabilidade e espírito emprendedor. B3.13.A empresa. Actividade e funcións.		
----------------	--	--	--

### 3ª AVALIACIÓN

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS (B1.1)	CONTIDO	Material de referencia	Temporalización	
				Mes	Número de sesións
	BLOQUE * 1 e 2			3 ao 6	
Climas e paisaxes de Europa	B2.5.O clima. Elementos e factores climáticos. B2.6.A paisaxe: elementos que o forman, tipos de paisaxes. B2.7.Características dos principais paisaxes de España e de Europa. B2.8.A diversidade xeográfica das paisaxes de Europa: relevo, climas e hidrografía.		Aula Planeta	Aproximadamente 4-5 semanas para cada unidade traballada (8-10 sesións).	
Coidado do medio	B2.10.A intervención humana no medio. Consumo responsable. Os problemas da contaminación. B2.11.O desenvolvemento sostible. B2.12. Elaboración dun plan de reciclaxe. B2.13.O cambio climático: causas e consecuencias.				

### 3. METODOLOXÍA PRESENCIAL

- **Aspectos xerais:**

Este curso 2020/2021 continúase no nivel de sexto co **proxecto E-DIXGAL**. Aínda que o noso alumnado xa traballou con este proxecto o curso anterior, e non é un aspecto completamente novidoso, a adquisición de destrezas neste ámbito quedou incompleta co confinamento do curso pasado, polo que ao comezo de ste curso destínase certo tempo a explicar ou lembrar determinados aspectos que poden ser útiles tanto nun ensino presencial como a distancia: entrega de tarefas, conversión de arquivos, manexo de LibreOffice, etc.

As titoras, partindo dos recursos que ofrece a plataforma para cada unha das materias (editoriais NETEX, NETEX SMARTCLASSROOM, EDEBÉ, DIXIT e AULA PLANETA), escolleremos en cada unidade aqueles contidos que máis se axusten para acadar os estándares en cada área, así coma outros recursos dispoñibles no repertorio Abalar ou na rede, ou recursos de creación propia. De todos modos, partimos

dunha primeira selección (véxase o apartado contidos deste documento), pero incorporamos en cada unidade información e actividades de diversas fontes.

- **Estratexias metodolóxicas**

Cada alumno levará todos os días o equipo para realizar tarefas extraescolares e estudar na súa casa e traerá todos os días o equipo cargado para poder seguir as clases no centro. As familias responsabilizaranse do correcto uso dos equipos e a súa custodia tal como queda recollido no marco deste proxecto.

Porén, sen esquecer que o noso alumnado está aínda na etapa da Educación primaria e ten que desenvolver destrezas básicas para as aprendizaxes presentes e futuras, e tomando como punto de partida as indicacións recollidas no marco legislativo vixente (*vid.* Introducción), a programación docente desenvolverase a través dunha metodoloxía activa e participativa, na que o alumno ocupa un lugar central no proceso de ensino-aprendizaxe.

Procurarase fomentar unha aprendizaxe baseada na **manipulación, a aprendizaxe cooperativa, a teoría das intelixencias múltiples e aprender a pensar**.

- **Aprendizaxe partindo da manipulación:** utiliza a manipulación de distintos materiais para chegar á abstracción dun contido desde o concreto.
- **Aprendizaxe cooperativa:** propón un conxunto de actividades que propicien a interacción da persoa-colectivo co medio, cos seus pais ou co docente.
- **Teoría das intelixencias múltiples:** busca adquirir destrezas vinculadas ao desenvolvemento natural e real das situacións cotiás para conseguir capacidades que lle proporcionan ao individuo flexibilidade e creatividade á hora de se enfrontar a novos retos.
- **Aprender a pensar:** mostra numerosas formas de lograr a mellora do proceso de “pensar”. O obxectivo final é a aprendizaxe real, a profunda e significativa, a transferible a outras facetas da vida cotiá. Isto é posible co bo manexo do pensamento analítico, crítico e creativo.

Ademais das anteriores estratexias metodolóxicas, potenciarase no alumnado a mecanización das ferramentas básicas nas diferentes áreas, a través de diferentes exercicios adaptados ás necesidades de cada alumno, a través de fichas ou de propostas das titoras no propio caderno do alumno.

- **Exemplo de secuenciación de traballo na aula**

O modelo de actividades que se propoñen nesta programación a través das unidades didácticas son variadas para dar resposta aos distintos estilos de aprendizaxe do alumnado e facilitarlle a adquisición dos diferentes tipos de contidos. Son motivadoras para espertar o interese e manter a atención. Desenvolveranse actividades de diferente tipoloxía: ➡ de iniciación - motivación, ➡ de explicitación de

coñecementos previos (sérvenos de avaliación inicial), ➡ de reestruturación de ideas, ➡ de automatización das aprendizaxes, ➡ de desenvolvemento ou aplicación de novas ideas, ➡ de revisión ou repaso, ➡ de reforzo ou recuperación, ➡ de ampliación e de avaliación.

- **Outras decisións metodolóxicas:**

Ao ser propia da etapa de Educación Primaria o ensino cíclico e en espiral, no que unhas aprendizaxes se van sustentando noutras, integraremos nos estándares de 6º aqueles de 5º que quedaron sen traballar/acadar, integrándoos dentro dos primeiros.

No caso da área que nos ocupa, Ciencias Sociais, as titoras decidimos que o apartado de “historia da arte” correspondente aos estándares de 5º e 6º de primaria será traballada fundamentalmente na área de plástica bilingüe(*Art*) que imparte unha das titoras de 6ºEP, tal e como se recolle na programación da citada área.

- **Agrupamentos:**

Para desenvolver estas técnicas de aprendizaxe, será necesario agrupar aos alumnos en función do momento e da necesidade, e poderanse dispoñer de distintos modos, sempre tendo en conta as recomendacións sanitarias:

- Gran grupo
- Pequenos grupos: “equipos” (esta será a disposición do alumnado predominante durante todo o curso coa finalidade de desenvolver o traballo cooperativo).
- Parellas
- Individualmente

- **Tempos:**

A área de Ciencias Sociais conta con 2 sesións no horario semanal, repartidas ao longo da semana.

- **Espazos:**

As clases de Ciencias Sociais terán lugar fundamentalmente na aula, se ben estarán abertas á súa realización nalgunha outra zona do colexio, nunha visita a un museo, ou nalgunha saída, de xeito puntual.

#### 4. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:

- **Plataforma de ensino:**

Ao estar inmersos neste proxecto, empregaremos co alumnado de 6º a plataforma EVA- Edixgal.

- **Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia:**

Para as videoconferencias , empregaremos a plataforma CiscoWebex.

- **Plataforma/medio de comunicación coas familias:**

Para a comunicación coas familias empregaremos a plataforma CiscoWebex, a aplicación Abalar Móbil, o noso correo corporativo e, de ser o caso, algunha chamada telefónica..

- **Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade:**

O alumnado con conectividade accederá á plataforma EVA-Edixgal, na que se irán subindo os contidos, as explicacións e as tarefas ou recursos educativos necesarios en cada momento.

Os exercicios ou tarefas faranse de xeito online, podendo corrixilos a mestra telematicamente, ou ben enviando arquivos a través da modalidade “tarefa”.

- **Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade:**

O alumnado sen conectividade accederá á plataforma EVA-Edixgal na súa versión Offline, a través da cala xa descargou previamente na aula varios temas e arquivos PDF por se nos sorprendía un confinamento.

Os exercicios faranse de xeito offline, a través da modalidade de exercicios autocorrixibles. De ser preciso, faránselle chegar ao alumno/a outros materiais (fotocopias, un pendrive con máis temas descargados...).

## 5. AVALIACIÓN

### • AVALIACIÓN INICIAL

**Data prevista de realización:**

Despois dos datos obtidos do plan de reforzo decídese facer unha avaliación inicial baseada na chuvia de ideas e contidos do ano anterior dado a situación vivida. O bloque de matemáticas terá contidos de cálculo, razoamento matemático e resolución de problemas.

Ao longo da primeira semana de clase, realizase unha sondaxe destes contidos traballados o curso pasado.

**Tipo de proba (descripción):**

Proba oral e chuvia de ideas onde os rapaces lembran os contidos do curso pasado.

**Mecanismo para informar ás familias dos resultados:**

Por correo electrónico, Abalar móbil e telefonicamente.

- **AVALIACIÓN CONTINUA**

**Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.)**

Nesta área as probas escritas realizaranse habitualmente ao remate de cada tema. Isto non significa que sempre se avalíe o tema mediante unha proba escrita, pois pode complementarse cos traballos e a observación diaria, ou ben avaliarse soamente a través destes medios.

**Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...)**

Segundo os estándares traballados nas diferentes probas o peso da mesma poderá variar dun trimestre a outro.

**Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información**

A avaliación levarase a cabo empregando instrumentos como listas de control, rúbricas, observación directa, portfolios... tendo como guía a adquisición dos estándares de aprendizaxe recollidos nesta programación.

**Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)**

Farase unha **media numérica** coa totalidade de probas realizadas (probas escritas, orais, traballos, actitude) sendo un 5 a nota mínima de consecución dos estándares.

• **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  <b>CIENCIAS SOCIAIS 6º</b>  (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (percentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
<b>BLOQUE 1. Contidos comúns</b>							
CSB1.1.1.Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito.	X	X	X	<p>Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Caderno de clase</li> <li>• Diario de clase</li> <li>• Rexistro anecdótico</li> <li>• Resolución de exercicios</li> <li>• Investigacións</li> <li>• Posta en común</li> <li>• Asamblea</li> <li>• Probas específicas</li> </ul>	Busca, selecciona e organiza información relevante, analizándoa.	1%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>
CSB1.2.1.Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.	X	X	X		Utiliza as TIC para elaborar traballos.	1%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
CSB1.2.2.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.	X	X	X		Analiza informacións relacionadas coa área en diferentes soportes.	1%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
CSB1.3.1.Emprega con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados.	X	X	X		Emprega o vocabulario adquirido na área de xeito coherente.	1%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <b>CIENCIAS SOCIAIS 6º</b> (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (percentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
CCB1.3.2.Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos.	X	X	X	<p>Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Caderno de clase</li> <li>• Diario de clase</li> <li>• Rexistro anecdótico</li> <li>• Resolución de exercicios</li> <li>• Investigacións</li> <li>• Posta en común</li> <li>• Asamblea</li> <li>• Probas específicas</li> </ul>	Fai exposicións orais de contidos relacionados coa área nos que amosa asúa comprensión do tema.	5%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
CSB1.4.1.Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.	X	X	X		Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal.	5%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
CSB1.5.1.Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, e amosa habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	X	X	X		Emprega estratexias para o traballo individual e en equipo, resolvendo pacificamente os conflitos.	1%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
CSB1.5.2.Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.	X	X	X		Participa en actividades grupais de xeito respectuoso.	1%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>





ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <b>CIENCIAS SOCIAIS 6º</b> (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (porcentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
CSB1.9.1.Amosa actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que lle rodean.	X	X	X	<p>Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Caderno de clase</li> <li>• Diario de clase</li> <li>• Rexistro anecdótico</li> <li>• Resolución de exercicios</li> <li>• Investigacións</li> <li>• Posta en común</li> <li>• Asamblea</li> <li>• Probas específicas</li> </ul>	Amosa actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.	1%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
CSB1.9.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	X	X	X		Amosa autonomía na toma de decisión e na realización de tarefas.	3%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
CSB1.10.1.Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas.	X	X	X		Desenvolve actitudes de cooperación e traballo en equipo.	1%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
CSB1.10.2.Planifica traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades.	X	X	X		Participa activamente nos traballos en grupo.	5%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <b>CIENCIAS SOCIAIS 6º</b> (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (porcentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
<b>BLOQUE 2. O mundo que nos rodea</b>							
CSB2.1.1. Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.	X	X		<p>Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Caderno de clase</li> <li>• Diario de clase</li> <li>• Rexistro anecdótico</li> <li>• Resolución de exercicios</li> <li>• Investigacións</li> <li>• Posta en común</li> <li>• Asamblea</li> <li>• Probas específicas</li> </ul>	Identifica e clasifica distintos tipos de mapas, comprendendo a escala e os signos convencionais.	5%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
CSB2.2.1. Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan .			X		Define clima e nomea os seus elementos e factores.	1,25%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
CSB2.3.1. Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características dos principais paisaxes de España e de Europa valorando a súa diversidade.			X		Define paisaxe e identifica algunhas características dos tipos de paisaxes de España.	1,25%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
CSB2.4.1. Localiza nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima.		X	X		Localiza nun mapa o relevo de Europa e as vertentes hidrográficas.	1,25%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <b>CIENCIAS SOCIAIS 6º</b> (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (porcentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
CSB2.4.2.Recoñece as principais características do relevo, os ríos e o clima de Europa.		X	X	<p>Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Caderno de clase</li> <li>• Diario de clase</li> <li>• Rexistro anecdótico</li> <li>• Resolución de exercicios</li> <li>• Investigacións</li> <li>• Posta en común</li> <li>• Asamblea</li> <li>• Probas específicas</li> </ul>	Recoñece algunhas características do relevo e do clima de Europa.	5%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
CSB2.5.1.Explica o uso sostible dos recursos naturais propoñendo e adoitando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta.			X		Propón medidas para o uso sostible dos recursos naturais.	1,25%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
CSB2.6.1 Explica as causas e consecuencias do cambio climático e as actuacións responsables para frealo.			X		Explica as causas e consecuencias do cambio climático e as actuacións responsables para frealo.	5%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <b>CIENCIAS SOCIAIS 6º</b> (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (percentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
<b>BLOQUE 3. Vivir en sociedade</b>							
CSB3.1.1.Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos e localiza nun mapa os países membros e as súas capitais.	X			<p>Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Caderno de clase</li> <li>• Diario de clase</li> <li>• Rexistro anecdótico</li> <li>• Resolución de exercicios</li> <li>• Investigacións</li> <li>• Posta en común</li> <li>• Asamblea</li> <li>• Probas específicas</li> </ul>	Coñece o que é a Unión Europea e localiza nun mapa os principais países membros.	2,5%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
CSB3.1.2.Identifica as principais institucións e os seus órganos de goberno na Unión Europea, recoñecendo os seus símbolos e explicando en que consiste o mercado único e a zona euro.	X				Recoñece os símbolos da Unión Europea e comprende en que consiste o mercado único e a zona euro.	2,5%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
CSB3.2.1.Define poboación dun territorio e identifica os principais factores que inciden nesta e defíneos correctamente.		X			Define poboación e coñece os factores que inciden nesta.	1,25%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
CSB3 2.2 Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.		X			Interpreta unha pirámide de poboación.	1,25%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <b>CIENCIAS SOCIAIS 6º</b> (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (porcentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
CSB3.3.1.Describe as principais características da poboación española e europea.		X		<p>Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Caderno de clase</li> <li>• Diario de clase</li> <li>• Rexistro anecdótico</li> <li>• Resolución de exercicios</li> <li>• Investigacións</li> <li>• Posta en común</li> <li>• Asamblea</li> <li>• Probas específicas</li> </ul>	Describe as principais características da poboación española.	1,25%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
CSB3.3.2.Explica o proceso da evolución da poboación en España e Europa e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade.		X			Explica aspectos do proceso da evolución da poboación en España e Europa.	2,5%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
CSB3.3.3.Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española e europea.		X			Identifica os factores que condicionan a distribución da poboación española e europea.	2,5%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
CSB3.3.4.Describe a densidade de poboación de España comparándoa mediante gráficos coa media da Unión Europea.		X			Explica a densidade de poboación de España en relación coa media da Unión Europea.	1,25%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <b>CIENCIAS SOCIAIS 6º</b> (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (porcentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
CSB3.4.1.Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país.		X		<p>Ao longo do curso, dependendo dos contidos, do tempo e do interese do alumnado por un tema concreto, combinaranse os seguintes instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Caderno de clase</li> <li>• Diario de clase</li> <li>• Rexistro anecdótico</li> <li>• Resolución de exercicios</li> <li>• Investigacións</li> <li>• Posta en común</li> <li>• Asamblea</li> <li>• Probas específicas</li> </ul>	Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país.	2,5%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
CSB3.4.2.Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación: superpoboación, envellecemento, inmigración etc.		X			Identifica os principais problemas actuais da poboación.	1,25%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
CSB3.5.1.Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.		X			Identifica os sectores primario, secundario e terciario e clasifica actividades neles.	2,5%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMTC</li> </ul>
CSB3.5.2.Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e Europa e as súas localizacións nos territorios correspondentes.		X			Explica actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España.	1,25%	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <b>CIENCIAS SOCIAIS 6º</b> (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (percentaxe)	COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
